

Que é "Cultura viva, Fai Túa Compostela"?

Cultura Viva é un programa educativo promovido pola Concellaría de Centros Socioculturais e Participación Cidadá a través do que coñeceremos o pasado e o presente artístico e cultural de Santiago, desde a tradición á actualidade.

Percorrendo edificios, prazas, carballeiras, camiños, regatos..., achegarémonos á paisaxe cultural compostelá, descubrindo e facéndoa nosa.

Duración das rutas: 2 h - 2,5 h.

Destinatarios

Grupos e persoas de todas as idades interesadas en teren unha experiencia formativa e lúdica a través dos espazos naturais e culturais do municipio de Santiago.

Como participar?

Poden participar todas as persoas interesadas que reúnan un mínimo de condicións físicas para camiñar ou se sintan capacitadas para desenvolver a actividade.

Os menores de idade deberán acudir acompañados por unha persoa adulta que se faga responsable deles.

As prazas son limitadas: máximo 20 persoas por ruta.

De non acadarse o número mínimo de persoas, a ruta anularase previo aviso ás persoas inscritas.

Prezo das rutas

- Veciños e veciñas do Concello de Santiago de Compostela (mediante acreditación de empadramento):

- Cada ruta: 1,5 €.
- Bonos de 5 rutas: 5 €.
- Gratuito para desempregados, debidamente acreditados, e menores de 18 anos.

- Outros participantes

(non empadroados no Concello de Santiago):

- Cada ruta: 15 €.

Procedemento de inscrición e pagamento

- Data de inscrición formal ata 24 horas antes da ruta.
- No proceso de inscrición priorizaranse os veciños e veciñas empadroados no Concello de Santiago.
- A preinscrición realizarase presencialmente nos centros socioculturais, ou chamando por teléfono ao CSC do Castiñeiriño, tño. 981 542 459.
- A inscrición non estará formalizada ata realizar o pagamento da ruta.
- O pagamento formalizarase unha vez que estea confirmada a praza por parte do Concello.
- A confirmación farase a traves de chamada telefónica.
- O pagamento farase nunha conta do Concello, mediante a folia específica que se recollerá nos centros socioculturais, e que será entregada como xustificante nun prazo de 24 horas antes da realización da ruta.
- As persoas interesadas deberán acreditar o empadramento ou autorizar que a propia administración o verifique.
- Non poderá participar quen non entregue a documentación do pagamento con anterioridade á execución da ruta.

Calendario de rutas febreiro - abril 2013

Mañás: mércores e sábados,
de 11 a 13.30 h.

Febreiro: 23, 27

Marzo: 2, 9, 13, 16, 23, 27, 30

Abril: 6, 10, 13, 20

Tardes: mércores alternos
(cada quince días)
de 18 a 20.30 h.

Marzo: 6, 20

Abril: 3, 17

+ info e inscricións:

CSC DE CONXO
Praza de Aurelio Aguirre 1 • 981 528 740

CSC O ENSANCHE
Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16 baixo • 981 543 001

CSC DAS FONTIÑAS
Rúa de Berlin 13 • 981 528 750

CSC DO CASTIÑEIRIÑO
Rúa da Virxe de Fátima 1 • 981 542 459

CSC DE VITE
Rúa de Carlos Maside 7 • 981 542 490

CSC SANTA MARTA
Rúa de Antonio Rama Seoane 6 • 981 543 017

descarga o programa en:

www.santiagodecompostela.org
www.santiago sociocultural.org



CONCELLO DE
SANTIAGO

Organiza:



REDE MUNICIPAL
DE CENTROS
SOCIOCULTURALS

Apoia:



DEPUTACION
DA CORUÑA
www.dicoruna.es



a
LITERATURA

o
PATRIMONIO



OS
ARTESÁNS



CULTURA VIVA

Fai TÚa
COMPOSTELA

Rutas didácticas pola cidade e
as parroquias de Compostela

NOVAS RUTAS!
febreiro - abril 2013

a
NATUREZA



a
HISTORIA

a
ARTE



Recomendacións

Levar calzado e roupa cómoda.

Nalgunhas das rutas programadas será preciso desprazarse no autobús urbano.

O custo do billete correrá por conta das persoas participantes.



Itinerarios

As rutas marcadas cun asterisco (*) desenvolveranse en gran parte a través de camiños e sendeiros. Na maioría dos casos, será preciso trasladarse en autobús urbano para o comezo do itinerario e o regreso. Polo tanto, nestas rutas será preciso que os participantes estén 10 minutos antes no lugar da saída e que veñan especialmente preparados con calzado e roupa cómoda para camiñar.

FEBREIRO

• **Sábado 23/02. A auga en Compostela I:** seguindo o percorrido da auga, mostraranse as pegadas das antigas obras de enxeñaría que forman parte da paisaxe dos barrios da cidade.
Saída: Centro Sociocultural de As Canceas.

• **Mércores 27/02 (mañá). A cerca da cidade I:** realizaremos o itinerario descubriendo as pegadas dunha parte da muralla da cidade, presente e oculta en Compostela.
Saída: paseo central da Alameda (palco da Banda).

MARZO

(*) **Sábado 02/03. Polas ribeiras do Sarela:** polo camiño do río atoparemos restos do pasado industrial que fai séculos transformou a cidade.
Saída: Igrexa do Carne de Abaixo.

• **Mércores 06/03 (tarde): As casas da cidade I** a arquitectura mostra pegadas únicas que aínda conservamos desde a Idade Media en Compostela.
Saída: praza do Hospitaliño de San Roque.



• **Sábado 09/03.**

O barrio de San Pedro: roteiro circular por un dos barrios históricos máis importantes de Santiago de Compostela.
Saída: Centro Sociocultural da Trisca.

• **Mércores 13/03 (mañá). A cerca da cidade II:** seguindo as pegadas dunha parte da muralla da cidade, coñeceremos algúns dos segredos de Compostela.
Saída: Porta do Camiño (ao lado da fonte).

(*) **Sábado 16/03. O Castelo da Rocha:** visita e explicación do Castelo da Rocha Forte, rematando coa visita ao centro sociocultural da Rocha.
Saída: praza de Galicia (diante do Banco Santander).



• **Mércores 20/03 (tarde). Espacios Claustrais I, San Domingos de Bonaval:** visita e explicación dun dos espazos claustrais extramuros máis importantes de Santiago de Compostela.
Saída: praza do 8 de marzo (Porta do Camiño, no comezo da rúa de San Pedro).

• **Sábado 23/03. Espazos de Arte I:** visita a obradoiros de artistas contemporáneos e a institucións que traballan para a promoción e divulgación da arte na cidade, mostrando a formación da paisaxe socio-cultural que encerra o percorrido.
Saída: Centro Sociocultural de Vite.

• **Mércores 27/03 (mañá). Polos balcóns de Compostela I:** visita a Santiago desde a perspectiva que ofrecen os balcóns e terrazas de edificios singulares da cidade.
Saída: soportais do Pazo de Raxoi, praza de Obradoiro.

• **Sábado 30/03. Os gremios de Compostela na actualidade III:** visita a diferentes obradoiros de artesáns que desenvolven o seu traballo na cidade.
Saída: Centro Sociocultural de A Trisca.



ABRIL

• **Mércores 03/04 (tarde). O Modernismo en Compostela II:** itinerario pola arquitectura modernista compostelá no casco histórico e noutras zonas da cidade.
Saída: praza do 8 de marzo (Porta do Camiño, no comezo da rúa de San Pedro).

(*) **Sábado 06/04. Parroquias I, Conxo, Vidán e Laraño:** a través de sendeiros e camiños culturais, descubriremos a historia e transformación dalgúns importantes elementos patrimoniais das parroquias composteláns.
Saída: praza de Galicia (diante do Banco Santander).



• **Mércores 10/04 (mañá). As Orixe de Compostela:** itinerario polos espazos e lugares onde aconteceron os feitos que deron lugar a Compostela, alén dalgúns vestixios da súa fundación e crecemento ata a cidade de hoxendía.
Saída: praza de San Fiz.

(*) **Sábado 13/04. Parroquias II, Vilvestro e Figueiras:** percorrido polas parroquias do rural cunha explicación da paisaxe rural a través dos máis relevantes elementos patrimoniais e sociais.
Saída: Casa das Asociacións de Cornes.

• **Mércores 17/04 (tarde). O barrio do Sar:** itinerario por un dos barrios históricos máis importantes da cidade e rematando na Colexiata do Sar.
Saída: praza do Olvido.



• **Sábado 20/04. Espazos Claustrais I, San Domingos de Bonaval:** visita e explicación dun dos espazos claustrais máis importantes de Santiago de Compostela.
Saída: praza do 8 de marzo (Porta do Camiño, no comezo da rúa de San Pedro).





OS
ARTESÁNS



O
PATRIMONIO

CULTURA VIVA

Fai Túa COMPOSTELA

NOVAS RUTAS!
febreiro - xuño 2013

Rutas didácticas pola cidade e as parroquias de Compostela

a NATUREZA



Para todos os públicos.

Percorridos de aproximadamente dúas horas e media.
Prazas limitadas (20 persoas por ruta).

Data límite de inscrición formal
ata 24 horas antes da ruta.

(Inscrición previa presencialmente nos centros socioculturais
ou por teléfono no CSC do Castiñeiriño).

Prezos:

- Veciños e veciñas do Concello:

- Cada ruta: 1,5 €.

- Bonos de 5 ruta: 5 €.

- Gratis para desempregados e menores de 18 anos.

- Outros participantes (non empadroados no Concello de Santiago):

- Cada ruta: 15 €.

a
LITERATURA



calendario de rutas

Mañás: mércores e sábados,
de 11 a 13.30 h.

Febreiro: 23,27

Marzo: 2, 9, 13, 16, 23, 27, 30

Abril: 6, 10, 13, 20, 24, 27

Maio: 4, 8, 11, 18, 22, 25

Xuño: 1, 5, 8, 15, 19, 22

Tardes: mércores alternos
(cada quince días)
de 18 a 20.30 h.

Marzo: 6, 20

Abril: 3, 17

Maio: 1, 15, 29

Xuño: 12

+ info e inscricións:

CSC CONXO • 981 528 740

CSC O ENSANCHE • 981 543 001

CSC DAS FONTIÑAS • 981 528 750

CSC CASTIÑEIRIÑO • 981 542 459

CSC VITE • 981 542 490

CSC SANTA MARTA • 981 543 017

a
HISTORIA



descarga o programa en:

www.santiagodecompostela.org

www.santiagoociocultural.org

a ARTE



Organiza:



REDE MUNICIPAL
DE CENTROS
SOCIOCULTURAIS

Apoia:

